



TIAM GZ



TIAM GZ

TIAM Gz nace en outubro de 2018 na comarca de Chantada cando catro amigos de sempre se xuntan para comprar un micro e facer música. Desde os inicios, o grupo caracterízase por facer **cancións variadas e diversas dentro do rap protesta**, combinando estilos que van desde o máis clásico do xénero até ritmos do máis bailables.

As letras que compoñen o Torozas, o Iaqueiro e o Alessov sobre as melodías de Mr. Mati teñen un alto contido social, denunciando as desigualdades e reivindicando o uso do galego como lingua para a vida.

Cada un dos integrantes da banda está influenciado por diferentes grupos e por estilos musicais do máis variados, algo que se percibe non só nas propias cancións senón tamén nos directos.

Torozas

Iaqueiro

Alessov

Mr. Mati



[DE]CONSTRUCCIÓN

EN DIRECTO

Ao longo destes anos, o TIAM Gz labrou un directo único no panorama musical galego. Desenfadado e reivindicativo, durante unha hora os catro integrantes do grupo ofrecen un espectáculo cheo de rap protesta que combinan con cancións moi movidas para reflexionar e moverse, co factor sorpresa sempre como bandeira.

A interacción co público é unha parte esencial do espectáculo de TIAM Gz, algo co que conseguen unha conexión única. O espectáculo comeza cunha primeira parte na que prevalecen as cancións cun contido social máis marcado. Aproximadamente na metade do espectáculo, o DJ do grupo, Mr. Mati, queda só no escenario e fai un break con múltiples cancións, principalmente electrónicas. De volta no escenario, comeza a segunda parte do show, caracterizada por ser a máis movida e na que se pide a participación do público asistente. O directo finaliza cunha homenaxe á terra da banda coa súa versión da Muiñeira de Chantada.

* Foto de TIAM Gz na Sala Malatesta (2021) na actuación de presentación do seu disco [DE]CONTRUCIÓN.

As colaboracións do álbum tamén acudiron ao evento para subirse ao escenario: Ezetaerre, Amorodo e Nerea Vázquez.



info@culturactiva.org
981 58 28 36

